

LinguaTIC@S
Uso das TIC para promocionar a lingua galega

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

I.E.S. A SARDIÑEIRA (CORUÑA)

INDICE:

Introdución

1.-Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do centro

- 1.1. Alumnado de Ciclos Formativos
- 1.2. Alumnado de Secundaria, Bacharelato e PCPI
- 1.3. Profesorado

2.- Obxectivos que se pretenden alcanzar

- 2.1. Obxectivos a curto prazo
- 2.2. Obxectivos a longo prazo

3.- Desenvolvemento

- 3.1. Contidos
- 3.2. Metodoloxía
- 3.3. Actividades

4.- Utilización dos recursos existentes no centro

- 4.1. Recursos humanos
- 4.2. Espazos e medios
 - 4.2.1. Aula de informática
 - 4.2.2. Biblioteca
 - 4.2.3. Aula de Usos Múltiples
 - 4.2.4. Aulas
 - 4.2.5. Outros

5.- Avaliación

5.1. Alumnado

5.2. Profesorado

5.3. Resto da comunidade escolar

6.- Difusión do proxecto

6.1. No centro

6.2. Fóra do centro

7.- Conclusión

INTRODUCCIÓN

As razóns de presentar este proxecto son fundamentalmente dúas: A primeira é a constatación de que o uso oral da lingua galega entre o alumnado é moi escaso. A segunda razón é a preocupación constante do profesorado por desenvolver as competencias básicas do alumnado, porque só así poderán aproveitar os coñecementos adquiridos e conseguir a autonomía persoal. Dentro destas competencias están a competencia lingüística, alicerce para a adquisición de todas as demais competencias, e a competencia dixital: comprender e expresarse usando linguas e soportes variados axudaría a mellorar os resultados académicos. Unindo as dúas competencias (lingüística e dixital) no uso das novas tecnoloxías, darase preferencia ao software libre, por razóns obvias e porque a presenza do galego é maior que no privado.

Con respecto ao escaso uso oral da lingua galega, podemos subscribir as palabras de Henrique Monteagudo no limiar do estudo da situación do galego no ensino¹:

"A preocupación que nos moveu a emprender o traballo que presentamos, e que coidamos que é amplamente compartillada, ten orixe na constatación de que os resultados obtidos a partir da introdución do estudo da lingua galega, e mesmo do galego como lingua vehicular, no currículo educativo son notablemente inferiores aos esperados e razoablemente esperables, cando menos no que atinxe ao incremento do uso do galego por parte dos e das estudantes. Obviamente, estes cativos resultados deben ser explicados pola confluencia de diversos condicionantes, uns de tipo lingüístico (nivel e tipo de competencia, grao de fluencia, etc.), outros de tipo comunicativo (o ensino da lingua está orientada á capacitación para o uso?), algúns máis de carácter actitudinal (falta de motivacións para o uso do galego) e aínda outros doutro tipo (como pode ser a escaseza de ocasións para a comunicación informal en galego)".

Pero, aínda que comprobamos que no noso centro se dan todos os condicionantes contra o uso, non debemos aceptalos como unha fatalidade, por máis que algúns deses condicionantes non teñen unha resposta consecuenta, é dicir, levando a situación a casos

extremos: o inglés pode ser valorado como a lingua máis útil polo alumnado pero, desvaloración, non deriva un esforzo por mellorar a súa competencia nesa lingua.

Temos condicionantes en contra. Tratemos de equilibrar a situación cun condicionante a favor: deámoslles a ocasión dunha situación comunicativa, deámoslles unha oportunidade.

1.- Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do centro

O IES A Sardiñeira está situado nunha zona periférica da cidade, próximo ao polígono industrial Agrela. Actualmente están matriculados arredor de 380 alumnos, procedentes de clases traballadoras cun nivel de renda media-baixa.

O IES A Sardiñeira imparte Ciclos Formativos, ESO, Bacharelato e PCPI. As aulas están repartidas en dous edificios: un para Ciclos e outro para o resto. A maioría do alumnado cursa Secundaria e, as especiais características do IES A Sardiñeira, cunha grande porcentaxe de alumnado inmigrante, e de etnia xitana, xunto cun contorno maioritariamente castelán- falante, fan que a presenza da lingua galega a nivel oral sexa moi escasa. Actualmente é máis fácil escoitar, entre o alumnado de Secundaria, unha conversa en ruso ca en galego.

Harmonizar o multilingüismo coa promoción da lingua galega foi un dos obxectivos do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro nos últimos anos; de feito, formaban parte do equipo un alumno da Ucraína e unha alumna da China. Con todo, cada ano hai que renovar esforzos, reformular actividades e promover outras novas. Non por iso deixando de valorar outras linguas, principalmente as linguas de orixe dos inmigrantes como unha actitude afectiva cara a eles e enriquecedora para toda a comunidades escolar.

1.1. Alumnado de Ciclos Formativos

Nos Ciclos Formativos hai unha porcentaxe considerable de alumnado galego falante; son persoas, por idade, máis maduras que xa non necesitan asimilarse a un grupo lingüístico maioritario; en varios casos proceden de fóra da cidade e outras son de familias de emigrantes retornados que aprenderon galego por transmisión oral. Este grupo desenvolven a súa aprendizaxe das novas tecnoloxías en galego, castelán ou inglés sen problemas.

1.2. Alumnado de Secundaria, Bacharelato e PCPI

Dos case 400 alumnos e alumnas do centro, a maioría estaría dentro deste apartado e un dato significativo é que tendo en contra os países de orixe, atopámonos cunha listaxe de 21 países diferentes. O alumnado de fora posúe bastante facilidade para aprender as linguas galega e castelá e igualar os resultados académicos cos dos seus compañeiros, pero toma unha actitude práctica na lingua de relación: adopta a lingua maioritaria no seu medio.

O alumnado de orixe estranxeira fala maioritariamente en castelán; canto á lingua galega, aínda que non demostra un rexeitamento claro, non sente a necesidade de falala. Corresponderían ao tipo de actitude que se recolle no estudo citado:

"...os estudantes que sinalan estar ‘moi pouco de acordo’ ou ‘pouco de acordo’ con que unha persoa que viva en Galicia teña que saber expresarse ben en galego e que consideran o galego para o seu futuro profesional como ‘pouco útil’ ou ‘moi pouco útil’ caracterízanse polos seguintes trazos: viven nos núcleos ou periferias das cidades, aprenderon a falar en castelán e teñen poucas competencias orais en galego (...). Este grupo destaca polo seu rexeitamento á necesidade de que quen vive en Galicia se exprese ben en galego, resultado nada estraño tendo en conta as súas baixas competencias nesta lingua"².

1.3. Profesorado

Entre o profesorado a lingua de uso é o galego e o castelán. Por outra parte está a lingua de docencia na que se imparten as clases e que se axusta á regulamentación da lingua galega no ensino.

2.- Obxectivos que se pretenden alcanzar

Evidentemente o obxectivo fundamental sería conseguir o uso normal da lingua galega entre o alumnado e o profesorado para así sermos transmisores dela fóra do ámbito escolar; pero tendo en conta a situación da que se parte e as limitacións existentes (sociais, temporais e de recursos) limitarémonos a uns obxectivos máis modestos:

2.1. Obxectivos a curto prazo:

- a) Coñecer os recursos en galego das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- b) Aplicar os recursos para a aprendizaxe académica e de lecer.
- b) Valorar a lingua (infravalorada) a través da súa utilidade nas TIC (sobrevaloradas).

- c) Elaborar creacións de audio: podcast, audiolibro, teatro radiofónico, etc. para suplir carencias de actividades de difícil desenvolvemento neste curso por falta de profesorado (revista do centro, dinamización de biblioteca, club de lectura,..).
- e) Aumentar a competencia nas linguas estranxeiras, mediante o reforzo que supoñen actividades como a subtitulación de presentacións e de vídeos.
- f) Aumentar a presenza do galego oral.
- g) Reflexionar sobre o desequilibrio de recursos e a desigualdade na promoción destes en función da lingua de comunicación que empreguen

2.2. Obxectivos a longo prazo.

- a) Mellorar as competencias básicas.
- b) Implicar o alumnado e profesorado na páxina web do centro.
- d) Elaborar materiais audiovisuais para compartir entre persoas, niveis educativos, familias, etc.
- d) Contribuír a un uso adecuado das novas tecnoloxías.
- e) Implicar as familias nas actividades formativas do alumnado.
- f) Contribuír á normalización da lingua galega.

3.- Desenvolvemento

Dado que este proxecto non dispón de horario asignado e debe aplicarse repectando o currículo de cada materia; que os recursos técnicos son escasos (a aula de informática ten menos de 20 ordenadores e varias aulas teñen 30 alumnos; que os 5 ordenadores da biblioteca son pouco operativos e que sempre hai imprevistos, o desenvolvemento será lento e ocupará todo o curso académico.

Por cuestións organizativas faise unha secuenciación por trimestres:

1º trimestre: coñecemento dos recursos.

2º trimestre: práctica e familiarización con eses recursos.

3º trimestre: creación e difusión .

Se ben hai que ter en conta que isto se vai alterar porque hai recursos e ferramentas de manexo moi simple e aplicacións complexas. Para converter un documento nunha páxina web, ou para inserir unha imaxe nun *blog*, o coñecemento e a aplicación son simultáneos; outros esixen bastante dedicación como os programas de maquetación para a creación dunha minirrevista, ou os programas de edición de audio e vídeo. Esta variedade con respecto ao manexo pode ser útil para o interese no proxecto: o doado anima, o difícil estimula.

3.1. Contidos

Estes contidos son orientativos e polo tanto flexibles, a práctica determinará. En principio non está prevista a inclusión de programas de xestión de cursos (MOODLE, p.e.) que se utiliza nos Ciclos Formativos, pero non se descarta: do mesmo xeito que calquera novidade poderá ser incorporada no seu momento.

Tecnoloxías da información e da comunicación que usamos:

- Internet -uso e abuso- (Buscador de entradas)
- Habilidades dixitais básicas usuario
- Buscar información, elixir idioma
- Información en galego: xornais, enciclopedias, bibliotecas, dicionarios, tradutores, gramáticas, cursos, ...
- Software en galego, software libre

Ferramentas e recursos:

- Xestionar e compartir información.
- Uso e edición da información en formato *Blog*. Redes sociais
- Audio. Conversión de formatos. Edición. Converter texto en voz
- Video. Conversión. Edición. Subtítulos
- Imaxes fixas. Manipulación de imaxes.
- Presentacións.
- Mapas mentais.
- Cartaces.
- Ferramentas de edición multimedia.

- Webs dinámicas dos centros educativos.
- Webs de Bibliotecas e *Blogs* de fomento da lectura.
- Blogs dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística máis significativos.
- Novidades *Vlog*.

No campo da educación hai colectivos e contribucións individuais de persoas activas dispostas a experimentar e compartir novidades e coñecementos. Isto, unido ás habilidades do alumnado nesta materia, fan deste apartado a parte máis doada do desenvolvemento do proxecto.

3.2. Metodoloxía

Este apartado é o que esixe un maior esforzo, non só por ser clave para que o proxecto se poida realizar, senón porque ten unhas limitacións iniciais.

En primeiro lugar, porque se trata de desenvolvelo de xeito que non ocupe o tempo e os espazos establecidos para o desenvolvemento curricular das distintas materias.

En segundo lugar, porque a escaseza de medios require botar man de recursos máis tradicionais como os taboleiros, a explicación oral, a pizarra da aula, o deseño sobre papel... Trátase de organizar o profesorado participante, os seus coñecementos iniciais, a materia que imparte, os grupos, distribuír tempos e espazos.

Presentación: En principio trátase de que toda a comunidade escolar coñeza o proxecto e se implique nel; sobre todo, é moi importante informar a ANPA e contar coa súa colaboración. Será inicialmente o profesorado quen se encargue de compartir os seus coñecementos e suxerir posibilidades de actividades e solicitar colaboración do alumnado. Unha vez que o alumnado se vaia interesando no proxecto e manexando as ferramentas, serán eles os que terán que compartir os coñecementos e elaboraren os materiais.

Identificación: O proxecto debe ter unha imaxe recoñecible, un *logo* (convocatoria de ideas coordinada polo Departamento de Educación Plástica e Visual).

Seguimento: É importante que calquera persoa poida ter acceso (real e virtual) ao desenvolvemento do Proxecto. Un *blog* propio e un espazo físico á entrada do centro para ver o que se está facendo, próximas actividades, demandas de material,...

Colaboración: Para favorecer e axilizar a colaboración entre as persoas implicadas crearemos unha rede social vertical. Unha rede social para este proxecto onde se poidan editar entradas e comentarios. Tamén como rexistro de participación.

Distribución:

a) das seccións, dado que a programación está pensada para o uso oral da lingua, haberá unha sección de voz que incluíra as actividades de audio, da que será conveniente facer divisións, por exemplo entre parte técnica e artística. Outra sección será a letra, para todo o relacionado coa escrita, desde a colaboración no blog, a edición da mini revista, creación dos documentos de texto, edición de subtítulos,... Na sección de imaxe entrarían foto e vídeo, tanto as imaxes físicas como as imaxes en movemento.

b) dos espazos (ver apartado 4.2)

Especialización: é unha boa ocasión para coñecer as capacidades do alumnado e fomentar a participación. Coa presentación das actividades, e despois da súa realización, cada persoa irá realizando aquilo para o que ten máis habilidades: iniciativa, capacidade de buscar información, manexo de software,... Trátase de aproveitar esta especialización para formar grupos de traballo, buscar as persoas responsables de cada sección, etc.

Organigrama: Creados o grupos de traballo e distribuído o espazo elaborárase un organigrama que facilite as tarefas dos implicados, ao mesmo tempo que dea posibilidades de novas incorporacións. Debe figurar no *Blog* e tamén fisicamente nos espazos comúns.

3.3. Actividades:

Audio

- Audicións de música galega.
- Audiopoemas.

- Audicións de radio galega.
- Audición de conferencias.
- Audicións noutras linguas (inglés, francés, castelán, romanés, árabe,..)

Realización de podcast: (Creación dunha radio en liña)

- Audiopoemas.
- Teatro radifónico.
- Novela radiofónica.
- Microrrelatos.
- Presentador/a de eventos (actividades extraescolares, celebracións "día de...").
- Contar unha historia real ou ficticia usando sons de efecto.
- Incluír voz nunha presentación de diapositivas.
- Falsas dobraxes (texto = tradución).
- Traducir para galego sobre unha voz de fondo (tipo informativos de radio).

Letra e música

- Subtitular en galego cancións doutras linguas.
- Subtitular cancións galegas noutros idiomas.

Audio-video-texto- imaxe

- Blog do proxecto.
- Rede social.
- *Sindicación* (contidos de prensa, novas tecnoloxías e mundo educativo).
- Recomendacións literarias.
- Dobraxes de escenas breves.
- "Unha historia cada semana/mes" onde o alumnado inmigrante/ fillo de emigrantes retornados contaría a historia da súa familia.
- "O meu país" para dar a coñecer os países de procedencia do alumnado inmigrante.
- "Por Galicia adiante" (tipo documental sobre temas de xeografía, de historia, de arte, tradicións, innovacións).

- "Sabores" alternando receitas de cociña galega con receitas doutros países con gravación directa ou con imaxes e texto.
- "Servizo de adopcións" (adoptar unha palabra, locución, frase feita, ou refrán que teña pouco uso e comprometerse a usala adecuadamente).
- "Non somos tan diferentes" (sección de coincidencias de costumes, festas populares, elementos lingüísticos comúns ...).
- "Palabras de agasallo"/"Douche a miña palabra" (palabras con definición, sinónimos, antónimos, uso literario, sobre imaxes, debuxos ...).
- "Teño unha cita" (unha frase no seu contexto, literario, político ...).

Intercambios dixitais:

- Crear enlaces con outros centros de Galicia que estean desenvolvendo unha actividade semellante.
- Compartir material elaborado.
- Crear enlaces con comunidades galegas no exterior.

Outras:

- Anecdotario de confusións idiomáticas.
- Departamento de méritos lingüísticos para persoas, colectivos, institucións etc... polo seu labor normalizador (concederáse un premio honorífico).
- Curso de Educación Audiovisual para os alumnos, o profesorado e as familias.
- Está por concretar a posibilidade dunhas xornadas pensadas para profesores e pais sobre o uso que fai a xente nova das TIC.
- Posible concurso final unha vez feita a avaliación.

4.- Utilización dos recursos existentes no centro

4.1. Recursos humanos

- Profesores de varios departamentos, algúns con todos os membros participando:
Linguas: Inglés, Francés, Castelán, Galego. **E.P. e V. Tecnoloxía, Ciencias**

Sociais-Xeografía e Hª, Música. Especial colaboración do **profesorado dos Ciclos Formativos** pola súa experiencia na integración das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación no ensino e como integrantes do ENDL.

- Alumnado voluntario.
- Persoal non docente.
- Anpa.
- Familias.

4.2. Espazos e medios

4.2.1. Aula de informática

Coñecementos de software.

Edición de audio.

Edición de vídeo.

Edición publicación virtual.

4.2.2. Biblioteca

Elaboración de material que non requira de novos medios.

Consultas e material bibliográfico.

Ensaio de audio.

Edición de audio.

Reunións.

Elaboración de material gráfico non dixital.

4.2.3. Aula de usos múltiples

Presentacións para grupos numerosos.

Visualización de produtos finais.

4.2.4. Aulas

Coordinación entre os contidos curriculares e o desenvolvemento do proxecto. Apoio de iniciativas, asesoramento entre distintas materias.


4.2.5. Outros

Servizo de reprografía.

Espazos de comunicación.


Recinto axardinado para localizacións de vídeo.

Utilización de espacios e recursos



Rede social

Multimedia



5.- Avaliación

Recollerá a posible variación no uso da lingua oral entre a situación inicial do proxecto e o remate do curso, será necesaria unha sondaxe inicial (oral ou escrita) e un cuestionario final que indique se hai evolución no uso ou non.

5.1. Alumnado participante

Inicial:

O teu uso do galego a nivel oral é

- Frecuente
- Escaso
- Nulo

Consulta oral, cun audio-vídeo que recolla a porcentaxe das respostas

Final:

O teu uso do galego a nivel oral é

- Frecuente
- Escaso
- Nulo



A túa experiencia persoal como participante no Proxecto de Normalización foi

- Positiva
- Negativa

Consulta oral, cun audio-vídeo que recolla a porcentaxe das respostas

Cres que as actividades realizadas influíron no teu rendemento académico

- Positivamente
- Negativamente

Indica o que cres que foi positivo e o que cres que foi negativo

- | |
|--|
| <input type="checkbox"/> Positivo _____ |
| <input type="checkbox"/> Negativo _____ |

Participarías neste proxecto o próximo curso?

- | |
|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Si |
| <input type="checkbox"/> Non |

5.2. Profesorado (participante e non participante). **Cuestionario final:**

O Proxecto de Normalización influíu positiva ou negativamente no uso do galego?

O Proxecto afectou positiva ou negativamente na túa materia?

O Proxecto afectou positiva ou negativamente á convivencia do centro?

O Proxecto debería mellorar en _____

O Proxecto tivo de positivo _____

5.3. Resto da comunidade escolar (de forma voluntaria)

- Valoración das asembleas de pais e nais por medio da colaboración da directiva da ANPA.
- Opinión dos pais/nais /titores nas reunións de tutoría.
- Todas aquelas persoas ou familias participantes que desexen deixar constancia.

6.- Difusión do proxecto

6.1. No centro

Coas actividades.

Con paneis informativos, co *logo* do Proxecto, coa visualización periódica do material elaborado.


6.2. Fóra do centro

A través das relacións coas familias. A súa participación. O acceso aos produtos finais. Comunicación en liña con outros centros.

Conclusión

Velaí o Proxecto de Innovación en Normalización Lingüística do IES A Sardiñeira que trata de conxugar o seu desenvolvemento coas distintas materias. Tratar de conxugar a lingua galega e o Software libre. Conxugar unha habilidade, case natural na xente nova, para as novas tecnoloxías para facer natural o uso da lingua galega.

A Coruña, 7 de outubro de 2009



notas

¹ *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación Secundaria obrigatoria* de Bieito Silvia Valdivia (dir), Ed. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2008 , páx.9 , as páxinas remiten ao doc en pdf.

² Idem, páx. 52